


## O goberno de Nigrán levará a aprobación inicial do PXOM en dúas semanas

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 29 Maio 2013 16:34

---



O goberno municipal levará por urxencia a aprobación inicial do PXOM, unha semana despois da celebración da comisión extraordinaria de urbanismo convocada hoxe, o que implicará a convocatoria dun pleno extraordinario.

O grupos da oposición terán só unha semana para analizar o documento e extraer as súas conclusións, previas á reunión da convocatoria extraordinaria.

Os consello sectorial aínda non foron informados ao respecto e seguen sen acceso ao documento urbanístico para o seu análise.

O alcalde de Nigrán, Alberto Valverde, convocou hoxe á Comisión de Urbanismo na que se informará sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal que levará a aprobación inicial unha semana despois da celebración da comisión. Esta reunión, que se celebrará o día 6, dará o pistoletazo de saída a unhas semanas de vital importancia para o futuro de Nigrán. *“Nas próximas semanas teremos claro quen está a favor dun crecemento ordenado e sustentable do noso municipio”*, sinalou nun comunicado.

## **O goberno de Nigrán levará a aprobación inicial do PXOM en dúas semáns**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 29 Maio 2013 16:34

---

O rexedor informa que realizará unha rolda informativa individualizada polas parroquias.